

O CONO DE CHAN DAS PIPAS

Aquí vedes xente toda
un cono de verdade
unha mostra mais señores
de Saxamonde calidade

Señoras e señores
vaia cono impresionante
esta vez si que é certo
o tamaño é importante

Atendei xente da vila
tamén membros do xurado
escoitai catro verdades
que cantamos de contado

Este ano 2007
é ano electoral
non gardedes os disfraces
repetimos carnaval

Pepé, partido galeguista
terra galega, benegá
pesoe esquerda unida
faltan só os de xehová

Caretas e mais disfraces
perrucas e matasogras
catro anos de parranda
e agora fan as obras

Que si, que non, que si
tal vez ou xa veremos
así leva o alcalde
30 anos no goberno

Primeiro foron palmeiras
agora é o paseo
só faltan as tumbonas
e os barcos de recreo

O noso alcalde-Rei
é igual á monarquía
vive a costa nosa
facendo nada todo o día

Mirade esta vila
toda de paseos chea
e nas demais parroquias
as beirarrúas son de terra

O alcalde de enxeñeiro
modificou a Farola
foi pasar un autobús
atracouse na rotonda

Prometeron reciclaxe
cartón, vidro e papel
e o gol foi que nos ataron
vinte anos a URBASER

Mira ti a preocupación
dos comerciantes da vila
quitáronlle a Farola
e nós non temos nin bombillas

Este ano 2007
parece o 2003
son os mesmos candidatos
pero postos do revés

Concertos, cine e teatro
todo queda "en la ciudá"
pero para cobrar impostos
todo somos cidadáns

Alá en Saxamonde
fixeron o saneamento
esqueceron os do bloque
pór os tubos terra adentro

Alá foron prometer
en nome da Deputación
mil axudas para a parroquia
e non houbo subvención

Moitos medios de transporte
variante, AVE e autovía
e de Saxamonde a Redondela
hai un só coche de liña

Agora toca acabar
de mostrar esta marabilla
cono tan grande e bonito
nos vistes na vosa vida

Fiúncho, ovos e laranxas
pampullo e margaritas
se non vedes o traballo
a ignorancia é atrevida

Dámosvos a despedida
a despedida xa está feita
agora só vos queda pagar
os ingredientes da receita